



# BOP

XOVES, 19 DE OUTUBRO DE 2023

N.º 240

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. SECCIÓN CONTRATACIÓN XERAL

##### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DA REVISIÓN DE TARIFAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO "GAYOSO CASTRO".**

Dáse conta de que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e tres acordou aprobar a revisión das TARIFAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO "GAYOSO CASTRO" cun incremento de de 0,78 €/animal/ día, o que supón unha tarifa de 3,33 €/ animal/ día que deberán aboar os usuarios do centro de recría.

Lugo, 16 de outubro de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3240

### CONCELLOS

#### CASTROVERDE

##### *Anuncio*

Que por resolución de alcaldía de data día 16 de outubro de 2023, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de setembro de 2023, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 11 de outubro de 2023 .- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández

R. 3241

### CHANTADA

##### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 03/10/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros, lixo e canón de auga correspondentes ao 4º bimestre do exercicio 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 10 de outubro de 2023.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3221

---

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 09/10/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a setembro 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a setembro 2023 terá lugar neste municipio dende o día 10 de outubro de 2023 ata o día 11 de decembro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 9 de outubro de 2023.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 3222

---

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 28/09/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalacións de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a setembro 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalacións de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a setembro 2023 terá lugar neste municipio dende o día 29 de setembro 2023 ata o día 28 de novembro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 11 de outubro de 2023.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 3223

---

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 06/10/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a agosto 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a agosto do 2023 terá lugar neste municipio dende o día 7 de outubro de 2023 ata o día 7 de decembro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 6 de outubro de 2023.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 3224

---

### Anuncio

**Expediente núm.:** G95/2023

Con data do día 16 de outubro de 2023 e número 944 polo Sr. Alcalde dictouse a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto que mediante Resolución de Alcaldía ditada con data 26 de maio de 2023 acordouse aprobar inicialmente o proxecto Modificado de Urbanización e Servizos na Rúa do Rego, na vila de Chantada, asinado con data 25 de abril de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Ian Antonio Orozco Barrios, e abrir un período de información pública, polo prazo de UN MES, mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia, notificación individual aos propietarios afectados, e a través da sede electrónica do Concello de Chantada, durante o cal quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo, aos efectos de que se presenten as alegacións e suxestións que se consideren pertinentes.

Visto que con data 2 de xuño de 2023 foi publicado no BOP de Lugo, no Diario El Progreso e no Taboleiro de Anuncios do Concello, o correspondente anuncio de aprobación inicial a efectos de exame, alegacións e suxestións.

Visto, non obstante o anterior, que por erro na tramitación do procedemento, non foi levada a cabo a obrigada notificación individual aos propietarios afectados.

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), 53.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro; e no Decreto da Alcaldía n.º 2019-0267 de data 27/06/2019, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

#### RESOLVO

**PRIMEIRO.**-Avocar, de acordo co artigo 10 da Ley 40/2015, para este suposto concreto a competencia da Alcaldía delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto 2019-0277 de data 02/07/2019, de delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

**SEGUNDO.**- Abrir un novo período de información pública, polo prazo de UN MES, mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia, notificación individual aos propietarios afectados, e a través da sede electrónica do Concello de Chantada, durante o cal quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo, aos efectos de que se presenten as alegacións e suxestións que se consideren pertinentes.

**CUARTO.**-Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre e comunicallo ao departamento de urbanismo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que se fai público

Chantada, 16 de outubro de 2023.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 3242

---

### LOURENZÁ

#### Anuncio

Con data 21/07/2023, segundo a posibilidade prevista no artigo 47.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de fixación do Prezo Público, en desenvolvemento da Ordenanza núm.1, Reguladora do Prezo Público pola prestación de servizos, realización de actividades, xornadas, cursos ou similares e pola venda de libros, impresos e publicacións, para a entrada ás representacións teatrais do V CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO "CONCELLO DE LOURENZÁ" /2023 e que será de Catro (4,00) Euros para cada unha delas.

Contra o acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses dende a publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Lourenzá, 5 de outubro do 2023.- A Alcaldesa-Presidenta, Rocío López García.

R. 3225

---

*Anuncio*

**S.A.F. SETEMBRO 2023**

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día de outubro de 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Setembro de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de catro mil noventa e tres euros con setenta e un céntimos de euro (4093,71€), tres mil seiscientos trinta e catro euros con trinta e tres céntimos de euro (3.634,33€) correspondente a dependencia, e catrocentos cincuenta e nove euros con trinta e oito céntimos de euro (459,38€) son de libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 5 de outubro de 2023.- A Alcaldesa – Presidente, D<sup>a</sup>. Rocío López García.

R. 3226

---

*Anuncio*

**XIMNASIO SETEMBRO DE 2023**

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data **3 OUTUBRO DE 2023**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **AGOSTO DE 2023** por importe de **822,24 EUROS (OITOCENTOS VINTA E DOUS CON VINTA E CATRO EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 3 de outubro de 2023.- A Alcaldesa – Presidente, D<sup>a</sup>. Rocío López García.

R. 3227

---

## LUGO

### *Anuncio*

O Ilmo. Sr. Don Pablo Permuy Villanueva, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo, en virtude de delegación por acordo 40/607 da Xunta de Goberno Local, do 26 de xullo de 2023, ditou o Decreto número 8831/2023, do 6 de outubro, polo que se aproba o padrón correspondente ó exercicio de 2023, do Imposto sobre actividades económicas.

Conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, o padrón aprobado queda exposto ó público (no Servicio de Facenda Local, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, 197 2º andar, en horario de 9:00h a 14:00h), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalo e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

Para a consulta dos datos do padrón se utilizarán preferentemente medios informáticos mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar a condición de obrigado tributario ou o seu representante para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Caracter Persoal.

No caso de non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados na Oficina de Facenda Local (IAE) do Centro de Servizos Municipais, sito na Rd Muralla, 197 2º, de luns a venres, en horario de 9:00 h a 14:00 h, mediante atención personalizada.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenenta de Alcalde-Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 6 de outubro de 2023.- Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, Ilmo. Sr. Don Pablo Permuy Villanueva.

R. 3243

---

## RIBADEO

### *Anuncio*

**Aprobación, exposición pública do Padrón dos dereitos sobre a parada de taxis na vía pública para o exercicio 2023 e apertura do período de cobramento.**

Por Decreto desta Alcaldía de data 4 de outubro de 2023, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

- Padrón da taxa de dereitos sobre a parada de taxis na vía pública para o exercicio 2023, polo importe de setecentos oitocentos dez euros (810,00 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 1 de decembro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2024, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 6 de outubro de 2023.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3228

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL.**

#### **MODIFICACION ORZAMENTARIA 46/2023. SUPLEMENTO DE CREDITO 06/2023**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 10/10/2023 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 46/2023 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito por importe de **159.918,07€**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 11 de outubro de 2023.- ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ.

R. 3230